



PROCEDEMENTO DE ASIGNACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

(Aprobada polo Consello de Departamento o 15 de maio de 2009)

**DEPARTAMENTO DE ENXEÑARÍA QUÍMICA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Limiar

No artigo 24 “Planificación docente” do Regulamento do Departamento de Enxeñaría Química aprobado no Consello de Departamento do 18-2-2009 indícase que:

1. O Consello de Departamento aprobará anualmente a proposta de planificación da súa actividade docente para a súa remisión á/s vicerreitoría/s con competencias ao respecto.
2. O reparto do encargo docente farase de xeito equitativo entre todo o persoal docente, respectando o seu réxime de dedicación, de conformidade coa normativa da Universidade e os acordos do Departamento para a elaboración do POD.

A tal efecto compre formular o procedemento de asignación da actividade docente que permita elaborar el POD para cada curso académico, intentando recoñecer toda a actividade que desenvolve cada un dos profesores.

Paso 1. Cálculo do Balance de Horas Docentes (BHD)

Previo ao inicio da elaboración do POD do Departamento, faranse os cálculos do encargo docente e a capacidade docente:

- a. No cálculo do Encargo Docente Global (EDG) deberá considerarse a docencia correspondente ás titulacións de primeiro ciclo/grao e segundo ciclo/máster.
- b. Para o cálculo da Capacidade Docente (CD) do departamento teranse en conta todos os profesores, considerando a capacidade docente das diferentes categorías de profesorado, e aos investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables que previamente manifestaran o seu interese na participación do POD. A tal efecto, dende a secretaría do departamento remitirase un correo electrónico aos investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables, para que aqueles que estean interesados en impartir docencia, acorde co presente procedemento de asignación, comuniquen o seu interese nun prazo de dous días lectivos. Deberán comunicar ademais, de ter dereito, o interese na reserva de materias e, se así o desexan, a súa renuncia ao recoñecemento por investigación.
- c. A Capacidade Docente Neta (CDN) do departamento obterase pola diferenza entre a capacidade docente e as horas de redución por cargos recoñecidos pola Vicerreitoría:

$$CDN = CD - RC$$

- d. Finalmente, poderase calcular a Balance de Horas Docentes (BHD) como a diferenza entre a capacidade docente neta e o encargo docente global:

$$BHD = CDN - EDG$$

1.1 BHD negativo

Terán prioridade na asignación as materias correspondentes aos graos e ás licenciaturas, enxeñarías superiores, diplomaturas, enxeñarías técnicas sobre os másteres universitarios¹, e estes sobre as titulacións propias. Asemade terán prioridade no encargo docente as materias troncais, de formación básica e obrigatorias sobre as optativas.

Asemade procederase a solicitude de novas prazas de profesorado para cubrir este déficit.

¹ Acordo de Consello de Goberno do 11 e febreiro de 2009.

1.2 BHD positivo

Todas as materias terán igual consideración no procedemento de asignación, podéndose aplicar os recoñecementos por actividades de esforzo docente, de xestión e coordinación docente, pola solicitude de sabáticos e pola actividade investigadora. A aplicación deses recoñecemento seguirá a prioridade proposta e a súa aplicación finalizará no momento que BHD=0

1.2.1 Recoñecemento por Esforzo Docente (RED)

Calcularase o número de horas adicionais que supón o recoñecemento ao esforzo docente ligado ás materias cun maior número de estudantes ou cunha docencia en inglés.

1.2.2 Recoñecemento por Coordinación e Xestión (RCX)

Ademais do recoñecemento de cargos do apartado 1.c, recoñeceranse outras actividades de coordinación e xestión. O RCX será igual o número de horas de recoñecemento polas seguintes labores: coordinador/a de grao, coordinador/a de curso ou módulo, coordinador/a de prácticas externas, coordinador/a de intercambios de estudantes.

- Coordinador/a de grao: 30 h
- Coordinador/a de curso ou módulo: 15 h
- Coordinador/a de prácticas externas: 30 h
- Coordinador/a de materias con máis de dous grupos expositivos: 10h
- Coordinador/a de intercambios de estudantes acorde coa normativa da USC a tal efecto.

1.2.3 Recoñecemento por Sabático (RS)

Os profesores interesados no apoio do Departamento para a solicitude dun ano sabático farán a petición á Comisión de Docencia e de Calidade. Esta poderá propor ao Consello de Departamento o apoio a un candidato (como máximo) atendendo aos seus méritos (nos que se incluíra corpo e antigüidade entre outros) e motivos da solicitude. O valor máximo de RS será o correspondente á carga docente dun único profesor.

1.2.4 Recoñecemento por Investigación (RI)

O RI será igual a suma do número de horas de recoñecemento de investigación da cada un dos profesores e investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables en función dos criterios aprobados pola Vicerreitoría.

Cando non sexa posible o recoñecemento completo da actividade investigadora utilizarase un coeficiente de aplicación do RI que se calculará do seguinte xeito:

$$\text{Coef.}_{RI} = \frac{BHD - RED - RCX - RS}{RI}$$

Paso 2. Estimación da Capacidade Docente Efectiva [CDE] de cada Profesor/Investigador “Ramón y Cajal” e asimilables

Co obxectivo de facilitar a solicitude de materias por parte de cada profesor, estimarase unha capacidade docente efectiva final aproximada para cada Profesor/Investigador “Ramón y Cajal” e asimilables:

2.1 BHD negativo

$$[CDE]_{\text{profesor}} = [CD - RC]_{\text{profesor}}$$

2.2 BHD positivo

$$[CDE]_{\text{profesor}} = [CD - RC - RCX - RI \cdot Coef_{RI}]_{\text{profesor}}$$

Paso 3. Encargo docente das materias dos másteres

Cada ano, previa á realización do encargo docente, definiranse aqueles másteres que pola implicación do Departamento nos mesmos ou pola súa relevancia consideraranse estratéxicos.

Recibido das Comisións Académicas dos másteres o encargo docente específico, farase o cálculo correspondente da Capacidade Docente para impartir en Graos [CDG] do profesor.

3.1 BHD negativo

A Carga Docente en Graos do profesor coincidirá coa Carga Docente Efectiva:

$$[CDG]_{\text{profesor}} = [CDE]_{\text{profesor}}$$

e impartirá os Encargos Docentes dos Másteres [EDM] a maiores

3.2 BHD positivo

Descontaranse da Carga Docente Efectiva do profesor os Encargos docentes dos Másteres estratéxicos, resultando así a Carga Docente en Graos

$$[CDG]_{\text{profesor}} = [CDE]_{\text{profesor}} - [EDM]_{\text{profesor}}$$

Tanto no caso de BHD positivo coma negativo os Encargos Docentes dos Másteres non considerados estratéxicos se impartirán a maiores

Paso 4. Equilibrado entre campus

Dado que $\sum_{\substack{\text{Profesores} \\ \text{Campus}}} [CDG]_{\text{profesor}}$ debe ser igual á docencia en graos de ese campus, compre

artellar os mecanismos para garantir esa restricción:

- Os investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables asignaranse ao campus que sexa necesario para cumprir a igualdade. En caso de que sexan necesarios en ambos campus a selección farase por antigüidade.
- Se a igualdade segue sen cumprirse, permitirase o cambio temporal de adscrición (especificamente para o POD do curso correspondente) de un/varios profesor/es, sempre de forma voluntaria. Para iso, abrirase un prazo de dous días lectivos para que aqueles que estean interesados o comuniquen á secretaría. A selección será feita pola Comisión Permanente do Departamento.

- En caso de que non existan voluntarios e a $\sum_{\substack{\text{Profesores} \\ \text{Campus}}} [CDG]_{profesor}$ non corresponda á docencia en graos de ese campus, a $[CDE]_{profesor(campus)}$ corríxirase no termo proporcional axeitado ata cubrir a igualdade.

Paso 5. Reserva das materias

O reparto da docencia de grao/primeiro ciclo comezará cunha rolda de reservas:

- Os profesores que leven menos de tres anos consecutivos impartindo unha materia terán dereito a reserva. As materias reservadas non poderán intercambiarse con outros profesores nin ser liberadas (por exemplo, debido a adquisición dun cargo).
- Non se poderá reservar unha materia na que non se impartira no curso anterior, por baixa sen substitución oficial pola vicerreitoría, un mínimo do 75% das horas do POD do profesor.
- Os cambios temporais de campus no dan dereito a reserva

A secretaría do departamento enviará un correo electrónico a todos os profesores e investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables co total das materias, horas a impartir, titulación, campus e indicación das materias a impartir en inglés, e se abrirá un prazo de tres días lectivos para que aqueles que teñan dereito a reserva e queiran facela o comuniquen á secretaría.

Paso 6. Asignación docente das materias dos graos

O seguinte paso na elaboración do POD consistirá no reparto das materias de grao ou primeiro ciclo non reservadas, reparto que farase por campus. Para isto terase en conta o campus de adscrición de cada profesor (considerando os cambios temporais) e o campus ao que son asignados os investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables segundo o punto 4. Os asociados tipo B ("típicos") terán preferencia sobre a docencia pola que foi convocada a praza.

- Se o conxunto de profesores dun campus xunto cos investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables, mediante acordo consensuado, propoñen unha distribución do encargo docente dese campus, esta se elevará ao Consello de Departamento para a súa aprobación.
- De non ser posible, o reparto farase en dúas roldas, en cada unha cubrirase a $[CDG]_{profesor}/2$, atendendo ao criterio de corpo, onde os investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables equipáranse cos profesores contratados doutores (segundo as disposicións transitorias dos Estatutos da USC), e antigüidade.

Enviarase un correo electrónico a todos os profesores e investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables co total das materias, horas a impartir, titulación e indicación das materias a impartir en inglés, e se abrirá un prazo de tres días lectivos para que se entregue na secretaría o listado das materias cunha orde de preferencia.

- A Comisión Permanente procederá ao reparto das materias, por campus, seguindo o criterio en primeiro lugar de corpo e despois de antigüidade. As reservas consideraranse na primeira rolda. Os proxectos, prácticas en empresas e similares na segunda. A asignación de materias a un profesor farase mentres o seu número

de horas sexa igual o superior á metade das horas da materia solicitada, o que pode implicar un pequeno exceso sobre a metade xusta da súa dedicación docente.

- No caso das materias teóricas, tenderase a que sexa un único profesor o que imparta a materia de xeito integral permitíndose un máximo de dous profesores por materia (teoría e seminarios). No caso dos laboratorios, se compre dividir, o mínimo encargo será de 20h/profesor.

A continuación, enviarase un correo electrónico coas materias sen cubrir a todos os profesores e se abrirá un prazo de tres días lectivos para que, unha vez coñecida a oferta, se entregue na secretaría o listado das materias cunha orde de preferencia. A Comisión Permanente procederá ao reparto das materias restantes ata cubrir a docencia de todos os profesores.

No caso de que un profesor non entregase o orden de preferencia ou só o indicase dalgunhas materias, unha vez xa asignadas ditas materias, a Comisión Permanente poderá adxudicarlle calquera das materias restantes.

Paso 7. Aprobación

A Comisión Permanente elevará a proposta de POD a Consello de Departamento para a súa aprobación definitiva. Antes de proceder a dita aprobación, permitiranse os intercambios por mutuo acordo entre profesores/investigadores “Ramón y Cajal” e asimilables de materias de grao/primeiro ciclo non reservadas.

Disposición Adicional Primeira.

Modificacións POD: Cargos recoñecidos pola Vicerreitoría e Baixas

Unha vez finalizado e aprobado o POD. En caso de necesidade de cubrir docencia por baixa dun profesor ou asignación dun cargo, solicitaranse voluntarios para a impartición da devandita docencia. En caso de que non houbese voluntarios, a Comisión Permanente será a encargada de facer o requirimento a un/s profesor/es do campus correspondente atendendo a [CDE]_{profesor}, ademais de facer a correspondente corrección do POD.

Disposición Adicional Segunda.

Unha vez superado e aprobado un paso na realización do POD, non se admitirán reclamacións correspondentes a etapas anteriores que non teñan sido presentadas en tempo e forma dispostos a tal efecto.

NOMENCLATURA

BHD: Balance Horas Docentes

CD: Capacidade Docente

CDE: Capacidade Docente Efectiva

CDG: Capacidade Docente en Graos

CDN: Capacidade Docente Neta

EDG: Encargo Docente Global

EDM: Encargo Docente nos Másteres estratéxicos

RCX: Recoñecemento por Coordinación e Xestión

RED: Recoñecemento por Esfuerzo Docente

RI: Recoñecemento por Investigación

RS: Recoñecemento por Sabático